



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

R/ Concello, 18

15110 Ponteceso (A Coruña)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 206/2013 DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN Nº 201/213 DE 15 DE XULLO NO REFERENTE Ó TERCEIRO PUNTO

O día 15 de xullo de 2013 resolvín (res nº 201/2013) modificar as bases aprobadas por resolución nº 154/2013 de 12 de xuño relativas ao proceso de selección para 12 prazas do Grupo de Emerxencia Supramunicipal e convocar as seguintes probas

Nesa resolución no apartado terceiro do resolvo, consta

(...)

3º.- Quenes non tiveran acreditado xunto coa instancia que posúen o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes e sempre que superen o segundo exercicio eliminatorio coa cualificación de apto, estarán convocados para o examen de galego o día 22 de xullo de 2013 ás 10h00 da mañá no Salón de Sesións do Concello de Ponteceso.

David Nuevo García presentou o día 17 de xullo de 2013 co nº 2085 de rexistro de entrada un escrito no que exponía que as bases non esixen que haxa que entregar o título Celga 2 xunto coa instancia pois consta literalmente nestas:

As persoas aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán para o galego sen axuda de dicionario, nun tempo máximo de 30 minutos, no cumprimento do sinalado no parágrafo anterior. Estarán exentas desta probas as persoas aspirantes posuír o Celga 2, antes de que remate o prazo para presentar as solicitudes, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

E sen embargo na resolución nº 201/2013 de 15 de xullo citábase para o exame de galego a quenes **non tiveran acreditado xunto coa instancia que posúen o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes**, polo anterior solicita que se lle acepte presentar o título Celga neste intre do proceso selectivo.

Está claro que nas bases existe un erro material pois onde debía dicir *Estarán exentas desta probas as persoas aspirantes que acrediten posuír o Celga 2 antes de que remate o prazo para presentar as solicitudes (...)*

... di Estarán exentas desta probas as persoas aspirantes posuír o Celga 2, antes de que remate o prazo parae presentar as solicitudes (...)

Os erros materiais non deben en ningún caso perxudicar ós aspirantes

ANTECEDENTES:

Resolución 154/2013 de 12 de xuño

Resolución 185/2013 de 2 de xullo

Resolución 192/2013 de 9 de xullo

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Bases para a provisión de 12 prazas de persoal para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal (persoal laboral)
- Modificación das bases aprobadas por resolución nº 201/2013 de 15 de xullo
- Artigos 23.2 e 103 da Constitución Española
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público
- Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso na Administración Xeral do Estado
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores
- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, de desenvolvemento dos contratos de duración determinada

Polo anterior; RESOLVO:

1º.- Modificar o terceiro punto da resolución nº 201/2013 de 15 de xullo quedando redactado do seguinte xeito:

“Quenes non tiveran acreditado antes do día 19 de xullo de 2013 incluído - data límite - , que posúen o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes con carácter previo ó remate do prazo de presentación de instancias e sempre que superen o segundo exercicio eliminatorio coa cualificación de apto, estarán convocados para o examen de galego o día 22 de xullo de 2013 ás 10h00 da mañá no Salón de Sesiós do Concello de Ponteceso.

Ponteceso, 17/07/2013

O ALCALDE

